



CONCELLO DE SADA

Edificio de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA O REGULAMENTO DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SADA

O artigo 43.3 da Constitución Española establece a obriga dos poderes públicos de fomentar a educación sanitaria, a educación física e o deporte, e facilitar unha adecuada utilización do ocio.

O apartado 22 do artigo 27 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, atribúe á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva na promoción do deporte e do adecuado emprego do ocio. No exercicio desta competencia aprobouse a Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, que se converte na primeira norma con vocación de regulación da actividade física e deportiva no ámbito de Galicia.

A Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, establece no art. 25.2.m) que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos que a lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, competencias en materia de actividades ou instalacións deportivas e a ocupación do tempo libre.

A práctica da actividade física é unha das mellores ferramentas para a protección da saúde, mellora da calidade de vida e integración social das persoas.

As instalacións deportivas municipais constitúen o equipamento básico que garante a prestación de servizos deportivos polo Concello de Sada cun obxectivo fundamental, a tutela da saúde pública a través de medidas preventivas e prestación de servizos necesarios, fomentando a educación física e deportiva, facilitando a adecuada utilización do ocio.

A formación e cultura física dos cidadáns, cada vez maior, xerou un incremento notable na demanda de servizos e infraestruturas óptimas no Concello de Sada, polo que preténdese con este regulamento dar solución en condicións de igualdade ao uso das instalacións ante unha demanda crecente.

A necesidade e oportunidade da aprobación ven motivada nos obxectivos de política deportiva, que entre outros, pretende mellorar e construír novos equipamentos deportivos, e o aumento da oferta de servizos deportivos e de actividade física para satisfacer a dita demanda, o que fai preciso contar cunhas normas que regulen o dito uso.

Os obxectivos pretendidos coa normativa son os seguintes:

- Fomentar a educación sanitaria, a educación física e o deporte.
- Abrir as instalacións deportivas ao cidadán.
- Mellora e conservación das actuais instalacións e das que se incorporarán ao patrimonio municipal.

Completaranse os fins pretendidos coa regulación coa difusión nos propios centros deportivos e nos taboleiros físicos e virtuais, así como nas redes sociais da normativa de uso das instalacións e coa publicidade de actividades a iniciativas non regulatorias que se vaian programando dende a Concellería de Deporte do Concello de Sada.



Edificio de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

CONCELLO DE SADA

Documento asinado dixitalmente polo concelleiro delegado de Deportes, Breogán Blanco González, na data de sinatura dixital.